

PLAN DE ADAPTACIÓN Á SITUACIÓN COVID 19 NO CURSO 2021-2022

ESCOLA DE ARTE E SUPERIOR DE DESEÑO MESTRE MATEO		CÓDIGO DO CENTRO	1	5	0	1	5	8	3	4
Enderezo: Rúa Virxe da Cerca, 32		C.P. 15703								
Localidade: Santiago de Compostela		Concello: Santiago de Compostela			Provincia: A Coruña					
Tel.: 981 587 757	Fax: 981 572 293	Correo electrónico: escola.arte.mestre.mateo@edu.xunta.es								
Páxina web	www.easd.es									

Membros do equipo COVID

Nome	Teléfono de contacto	Correo electrónico	Tarefas
Juan Adrio Fondevila (Director)	664481046	direccion@easd.es	Coordinación principal.
Elisa García Penas (Vicedirectora)		vicedireccion@easd.es	Coordinación xeral.
Esther Novo Calles (Secretaria)		esther.novo.calles@edu.xunta.gal	Coordinación xeral.

Centro de Saúde de referencia

Persoa de contacto

Teléfonos

Espazo de Illamento COVID

Elementos de protección dispoñibles

Despacho de Vicedirección

Ventilación adecuada, máscaras, panos desbotables, xel hidroalcohólico e papeleira de pedal.

Número de alumnos por nivel e etapa educativa.

ALUMNADO MATRICULADO NAS ENSINANZAS ARTÍSTICAS SUPERIORES DE DESEÑO

Ensinanzas Superiores de Deseño, (LOE). Especialidade:	Primeiro curso			Segundo curso			Terceiro curso			Cuarto curso			TFE			TOTAIS:		
	Grupos	Alum.	Repet.	Grupos	Alum.	Repet.	Grupos	Alum.	Repet.	Grupos	Alum.	Repet.	Grupos	Alum.	Repet.	Grup.	Alum.	Rep.
DESEÑO DE MODA	3	32	34	3	29	13	3	35	19	2	36	23	1	25	23	11	157	112
DESEÑO DE PRODUTO	2	20	16	2	17	15	1	16	10	1	21	30	1	14	9	5	88	80
TOTAIS:	5	52	50	5	46	28	4	41	29	3	70	53	2	39	32	16	245	192

Total alumnado Deseño de Moda: 269

Total alumnado Deseño de Produto: 168

Total alumnado EE.AA.SS.: 437

ALUMNADO MATRICULADO EN ENSINANZAS PROFESIONAIS DE ARTES PLÁSTICAS E DESEÑO (LOXSE e LOE)

Ensinanza:	Primeiro curso			Segundo curso			TOTAIS:		
	Grupos	Alum.	Repet.	Grupos	Alum.	Repet.	Grup.	Alum.	Repet.
Ciclos F. Grao Superior	2	25	6	2	25	3	4	50	9
C.S. Fotografía (LOE)	1	14	6	1	12	9	2	26	15
C.S. Técnicas Escultóricas (LOE)	1	15	1	1	13	2	2	28	3
C.S. de Xoiaría Artística	1	3	-	-	-	-	1	3	-
Taller de Dourado e Prateado	-	-	-	1	2	-	1	2	-
Taller de Policromía	-	-	-	-	-	-	-	-	-
TOTAIS:	5	57	13	5	52	14	10	109	27

ALUMNADO MATRICULADO NOUTRAS ENSINANZAS: Cursos monográficos / Cursos de especialización / etc. (especificar)

DOURADO (Monográfico)	1	-	-	-	-	-	1	-	-
TOTAIS:	1	-	-	-	-	-	1	-	-

Total alumnado EE.AA.PP.: 136

TOTAL ALUMNADO CENTRO: 437 + 136 = 573

Cadro de persoal do centro educativo.

Docentes a xornada completa

Docentes ½ xornada

Persoal de Administración e Servicios

42

4

5

Canle de comunicación para dar a coñecer ao equipo COVID os casos de sintomatoloxía compatible, as ausencias de persoal non docente e profesorado e para a comunicación das familias co equipo COVID para comunicar incidencia e ausencias.

A canle de comunicación coa comunidade educativa será o correo electrónico. Ante unha incidencia de carácter urxente farase unha chamada telefónica a algún dos teléfonos dos membros do equipo COVID. Pero como regra xeral:

- O profesorado comunicará ante á Xefatura de estudos en xefatura@easd.es calquera incidencia.
- O alumnado comunicará ante o/a titor/a de nivel educativo calquera incidencia. Este/a trasladará a mesma ante a xefatura de estudos en xefatura@easd.es
- O persoal P.A.S. comunicará á secretaría calquera incidencia en direccion@easd.es
- Cando a incidencia se produza en sesión de tarde se comunicará ao membro da dirección que esté esa tarde no centro.

PROTOCOLO DE PREVENCIÓN BÁSICA:

O alumnado, así como o persoal docente e non docente do centro educativo deberá realizar unha auto enquisa diaria de síntomas para comprobar, no caso de que haxa síntomas, que estes son compatibles cunha infección por SARS- CoV-2 mediante a realización da enquisa clínico-epidemiolóxica (que se describe no Anexo I ao final do documento), que debe realizarse antes da chegada ao centro. Diante da aparición de polo menos un dos síntomas que aparecen na enquisa o alumno/a non acudirá á clase e solicitará consulta co seu médico.

1.- Ante a aparición de sintomatoloxía compatible fóra do centro educativo:

- Non se acudirá ao centro educativo.
- Manterase en illamento preventivo domiciliario
- Chamará ao seu centro de saúde ou mutua para que os facultativos valoren a sintomatoloxía e prescriban a realización dun test diagnóstico ou dunha proba PCR. Manténdose o illamento ata saber o resultado da proba.
- Informarán ao centro educativo (alumnado ao titor/a de ensinanza e iste á xefatura de estudos, profesorado á xefatura de estudos, PAS ao secretario/a) dando aviso aos membros do equipo COVID.

2.- Ante a aparición de sintomatoloxía compatible no centro educativo:

- O profesorado avisará a algún membro do equipo COVID do centro.
- A persoa ou o seu titor deberán chamar ao seu centro de saúde de Atención Primaria para solicitar consulta, ou ao teléfono de referencia do SERGAS e seguiranse as súas instrucións.

A persoa que inicie síntomas debe abandonar o centro protexido por máscara cirúrxica, e seguir as instrucións do centro de saúde ata que a súa situación médica sexa valorada por un profesional sanitario. De confirmarse o positivo, o equipo Covid do centro escolar comunicará ao equipo Covid-escola do centro de saúde de referencia. Serán estes facultativos os que valorarán a sintomatoloxía e prescribirán a realización dun test diagnóstico ou proba PCR en 24 horas, se así o consideran manténdose o illamento ata coñecer o resultado da proba.

- En caso de presentar síntomas de gravidade ou dificultade respiratoria chamarase ao 061 e realizarase un illamento preventivo do posible caso no Despacho de Vicedirección ata a chegada do 061.

3.- Ante a aparición de sintomatoloxía compatible dalgunha persoa no núcleo de convivencia:

- Os conviventes dunha persoa con síntomas compatibles coa Covid (alumno/a ou profesional) que se encontre á espera do resultado, evitarán as interaccións sociais que sexan prescindibles ata que se confirme o resultado. Ademais, os conviventes que non dispoñan dunha pauta de vacinación completa e tampouco foran diagnosticados da COVID-19 nos últimos 6 meses deberán seguir as indicacións do Protocolo de vixilancia e control epidemiolóxico fronte ao virus SARS-CoV- 2 (Covid- 19) no ámbito educativo non universitario de Galicia e absterse de asistir ao centro educativo ata que se resolva a situación do caso sospeitoso.
- O alumnado ou o persoal do centro que convivan coa persoa positiva serán considerados contactos estreitos, excepto que a Central de Seguimento de diagnosticadas da COVID nos últimos 6 meses poderán acudir tanto á escola como ao seu posto de traballo, extremando sempre as medidas de prevención. Pola contra, os conviventes que non dispoñan dunha pauta de vacinación completa e tampouco foran diagnosticados da COVID-19 nos últimos 6 meses deberán abstenerse de acudir ao centro educativo e esperar as instrucións da Central de Seguímentos de Contactos en corentena.
- Informarán ao centro educativo (o alumnado ao titor/a de ensinanza e iste ao xefe de estudos. O profesorado á xefatura de estudos. O PAS ao secretario/a) dando aviso aos membros do equipo COVID.

Mentres dure o illamento preventivo (de permitilo o seu estado de saúde) o alumnado/profesorado deberá seguir asistindo/impartindo as aulas de xeito telemático mediante o aula virtual e os demais sistemas previstos na programación didáctica do módulo/disciplina.

As ausencias derivadas da aplicación das anteriores medidas consideraranse sempre xustificadas, non sendo preciso o xustificante do facultativo para a súa acreditación.

Procedemento de rexistro de ausencias do persoal e do alumnado.

As ausencias do profesorado por causa do COVID 19 serán rexistradas pola xefatura de estudos na plantilla xeral de ausencias do profesorado nun novo apartado nomeado COVID.

As ausencias do alumnado por causa do COVID 19 serán rexistradas polos/as titores/as de nivel educativo e comunicadas e enviadas á xefatura de estudos e á dirección do centro.

As ausencias do persoal P.A.S. por causa do COVID 19 serán rexistradas pola secretaria.

Procedemento de comunicación das incidencias ás autoridades sanitarias e educativas.

No exercicio da súa condición de coordinador do equipo COVID, o director da Escola é o encargado de manter a comunicación dende o centro educativo cos diferentes órganos da Consellería de Educación e, de ser o caso da Consellería de Sanidade, do Sergas ou co Grupo de Coordinación de Seguimento da Pandemia. Correspóndelle así mesmo a comunicación co persoal do centro e alumnado.

No suposto da aparición dun caso ou dunha sospeita de coronavirus nun centro educativo tanto sexa do alumnado, profesorado ou persoal do centro, a persoa coordinadora do equipo formado na COVID-19 deberá pórse en contacto coa Central de seguimento de contactos (CSC) para identificar os contactos estreitos do ámbito educativo. Poderá facelo a través do número de teléfono específico para educación, habilitado de 9 a 22h todos os días da semana e que estará dispoñible en EduCovid, na Axuda da aplicación, así como tamén nos apartados Equipo e Centro médico.

Despois, procédese a identificar aos posibles contactos estreitos coma en calquera outro caso confirmado e gárdanse, pero non se notifican. Deste xeito, á CSC non lle chegará a listaxe de contactos estreitos e será a persoa directora do centro quen adiante esta información aos posibles contactos estreitos (a eles e só a eles). A dirección informará ás persoas afectadas que, conxuntamente coa CSC, determinouse que moi probablemente son contactos estreitos dun caso confirmado de Covid-19.

MEDIDAS XERAIS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL

- Procurar manter unha distancia mínima igual ou superior a 1,5 m de separación entre persoas.
- O uso da máscara será obrigatorio con independencia do mantemento da distancia interpersonal, sen prexuízo das exencións previstas no ordenamento xurídico.
- O alumnado e o profesorado, así como o restante persoal, teñen a obriga de usar máscaras durante toda a xornada lectiva en todos os espazos do centro educativo, aínda que se cumpra coa distancia de seguridade (sen prexuízo das exencións previstas no ordenamento xurídico). Será obriga do alumnado levar unha segunda máscara de recambio, así como un estoxo específico para gardala en caso necesario.
- Establécese como norma de sentido de desplazamento polo centro o ir pegado/a a parede dereita (marcada con vinilo no chan). Polo que terase que respetar esta norma, así como empregar as portas de entrada de Virxe da Cerac e de saída a da Praza do Irmán Gómez.
- Coidar a limpeza e hixiene das mans. É obrigatorio á entrada ao centro e cada vez que se cambie de aula (sempre xusto antes de entrar ao novo espazo).
- Nos espazos de uso común (escaleiras, baños, corredores, etc.) é obrigatorio o uso da máscara.
- Nas Aulas e Talleres, cando non sexa posible manter unha distancia de seguridade de 1,20 m, será preciso o uso de mamparas de separación ou da pantalla individual durante todo momento.
- Antes de comenzo a traballar nas aulas de informática e talleres con materiais e maquinaria compartida facer unha desinfección do material e maquinaria a empregar con panos e/ou desinfectante.
- Evitar tocar os ollos, o nariz e a boca sen ter antes desinfectado as mans.
- Extremar a orde e limpeza no posto de traballo durante as aulas.
- Recoller e deixar os postos de traballo e as mesas das aulas preparadas para que o persoal de limpeza poida traballar correctamente.
- O alumnado ocupará durante todo o curso o mesmo posto de traballo. O profesorado fará unha plantilla da situación do alumnado no aula cara a poder identificar os “contactos máis próximos” en caso dun positivo.

MEDIDAS DE LIMPEZA

Asignación de tarefas ao persoal de limpeza.

- Limpeza dos aseos como mínimo catro veces ao día. (7:30 / 11:30 / 14:30 / 18:30). Nos aseos tamén existirá xaboeiras ou material de desinfección para ser utilizado polos usuarios voluntariamente.
- Procurarase facer, sempre que sexa posible, unha limpeza das aulas antes de producirse un cambio de grupo na mesma cando coincida despois dun descanso.
- Terase especial atención nas zonas de uso común e nas superficies de contacto máis frecuentes como pomos das portas, mesas, mobles, pasamáns, teléfonos, perchas, e outros elementos

As tarefas de limpeza realizaranse en dúas quendas. Unha quenda de mañá de 7:00 a 14:00 e unha de tarde de 14:00 a 21:00 h.

O material e proteccións para a realización das tarefas de limpeza son lubas, xel hidroalcohólico e máscara protectora Adxuntase como anexo o cadro de control de limpeza dos aseos e o modelo de checklist para anotar as ventilacións das aulas (a colocar en cada aula).

Os espazos para a xestión de residuos será no soto o lado dos contedores de residuos tóxicos e perigosos.

MATERIAL DE PROTECCIÓN

O rexistro e inventario do material do que dispón o centro está centralizado na secretaría.

O sistema de compras do material de protección é o habitual que marca o sistema de calidade do centro.

A distribución e entrega de material ao profesorado faise na conxerxería con acuse de recibo. A reposición do mesmo farase cumprindo os procedementos de solicitude de material estabrecidos polo sistema de calidade.

XESTION DAS PETICIÓNS DE SUPOSTOS DE VULNERABILIDADE

A canle de petición das solicitudes farase con escrito dirixido ante a dirección do centro, de comunicación coa xefatura territorial e de solicitude, de ser o caso de persoal substituto.

MEDIDAS DE CARACTER ORGANIZATIVO

- Flexibilizárase a hora de entrada e saída do centro. Poidendo entrar o alumnado nas aulas 10 minutos antes ou despois da primeira hora e saír dende 15 minutos antes da última hora do día. (Exemplo: si as aulas comencan ás 9:00 o alumnado poderá entrar dende as 8:50 ata as 9:10. Si a saída é ás 14:20 comezase a saír ordeadamente dende as 14:05 aproximadamente)
- A porta de entrada ao centro será a da rúa Virxe da Cerca. A porta de saída será a porta da Praza do Irmán Gómez, salvo para persoas con problemas de mobilidade. Evitarase a acumulación de persoas nos espazos de acceso ao centro, así como nos corredores e espazos comúns.
- Nos corredores e na escaleira principal (entrada por Virxe da Cerca) estableceranse sentidos que indiquen a circulación pola dereita de forma individual respectando a distancia de seguridade. Cando se empregue a escaleira secundaria (entrada por Irmán Gómez) será únicamente en sentido de baixada. Se por urxencias tense que empregar en sentido ascendente esperarase ata que quede totalmente libre cara a manter sempre a distancia de seguridade de 1,5 m.
- Realizarase a limpeza e hixiene das mans nos dispensadores de xel hidro-alcohólico ou nos baños con auga e xabón no momento de entrada ao centro e sempre antes da entrada a unha nova aula.
- Procurarase manter unha distancia mínima igual ou superior a 1,5 m. de separación entre persoas. Nas aulas as cadeiras gardarán unha distancia de centro a centro de 1,2 m., agás que nos espazos se habiliten elementos de protección (mamparas, ou calquera barreira física, etc).
- Ventiláranse os espazos comúns e as aulas de xeito contínuo. Cada cambio de clase durante un mínimo de dez minutos. Durante as aulas manteranse abertas o maior tempo posible cara a ter unha renovación contínua do aire. Nas aulas/talleres que dispoñan de sistemas de ventilación para renovación do aire estes funcionarán sen usar a recirculación de aire, expulsando o aire interior e introducindo aire limpo nas aulas.
- Terase especial coidado en desinfectar as manillas de portas e ventás, así como as cadeiras e mesas de traballo. Limpiarase o mobiliario e outros elementos susceptibles de manipulación, sobre todo naqueles utilizados por máis dun usuario quen realizará ao finalizar o uso individual a limpeza dos elementos utilizados. Colaborando co persoal de limpeza do centro nestas labores en todo momento cara ao ben común.
- Nas comunicacións verticais o uso do elevador quedará limitado as persoas que o precisen por motivos de mobilidade que deberán usar máscara, e a poder ser, empregarase de xeito individual.
- O uso dos aseos estará limitado a unha simultaneidade non superior a un 50% do seu aforo. O alumnado deberá hixienizar as mans á entrada e saída do mesmo.
- O público en xeral que non teña a condición de persoal do centro ou de alumnado unicamente poderá usar un dos aseos máis próximos á entrada do centro.

- O alumnado gardará o seu material de xeito diferenciado para evitar o contacto co resto dos/as compañeiros/as. Cando se use material susceptible de ser compartido lembraráselle ao alumnado a necesidade e importancia da hixiene de mans antes e despois de usar o material.
- Como norma xeral procurarase evitar o desprazamento do alumnado pola aula.
- O alumnado non compartirá material de uso propio con ningún dos seus/súas compañeiros/as
- Extremarase a orde no posto de traballo e nas mesas da aula, realizando a limpeza e desinfección establecidas nas medidas deste protocolo.
- Os equipos de traballo (ordenador, monitor, teclado, rato, mesa, teléfonos ou material de oficina) deberán ser usados só pola persoa titular do posto e, de non ser posible, o novo usuario realizará unha correcta hixiene de mans antes do seu uso.
- As ventás, portas, persianas, contras, dispositivos de funcionamento da iluminación, os proxectores, e restantes ferramentas pedagóxicas serán unicamente usadas polo profesorado ou o persoal non docente, coas medidas de seguridade e hixiene que procedan.
- O centro disporá de cartelería informativa nas entradas, corredores, escaleiras e zonas de recreo que advirta sobre o respecto da distancia de seguridade, sintomatoloxía do COVID 19 e medidas de hixiene social e individual. Nas aulas e aseos reforzase a información sobre hixiene individual.
- Para os efectos do previsto no Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar entenderanse incluídas nos supostos do artigo 42 letras a), b) e d) coa consideración de condutas leves contrarias á convivencia os supostos de incumprimento polo alumnado do uso da máscara nos tempos e lugares que sexan obrigatorios e o incumprimento das instrucións do profesorado en aplicación do presente protocolo. Polo que se respecta ao profesorado e persoal non docente estarase ao previsto na súa normativa.

MEDIDAS ESPECIFICAS PARA O USO DOUTROS ESPAZOS

Salón de actos.

Nesta aula extremáranse os protocolos de limpeza por tratarse de aulas de uso máis compartido.

Tamén é obrigatoria a hixiene de mans nas entradas e saídas das mesmas.

O material que sexa compartido, de acordo coa metodoloxía propia de cada materia debe de ser desinfectado ao inicio da actividade e unha vez terminada a clase. Implicárase ao alumnado na concienciación social que ten a limpeza dos elementos comúns de uso privativo.

Proceso de cambio de aula.

No caso de ter que trasladarse a outra aula, avisarase ao profesor anterior para que finalice a súa clase 5 minutos antes de xeito que poida organizar a saída ordenada e paulatina do alumnado.

A saída será ordenada e continua, de 1 en 1, deixando a distancia de seguridade. Agardarán polo/a profesor/a á entrada da nova aula en ringleira de 1 gardando a distancia de seguridade, evitándose a formación de aglomeracións de alumnado.

Se houbera outro grupo na nova aula; agardarase a que saia por completo o grupo anterior antes de entrar. Entrarase gardando a distancia evitando que se formen agrupacións de alumnado durante a espera, ventilarase a aula e o grupo entrante hixienizará pupitres ou mesas e cadeiras.

Normas de Uso da Biblioteca.

A biblioteca poderá ser usada de acordo co aforo xeral previsto para as bibliotecas públicas.

A persoa responsable da biblioteca, xunto coa dirección, establecerá un protocolo de acceso á biblioteca, se fose posible mediante petición previa. O alumnado debe hixienizar as mans antes e despois da estancia na sala.

O equipo de biblioteca sinalizará nas mesas e outros postos de traballo aqueles que poden ser utilizados de xeito que se manteña a distancia de seguridade e se optimicen os postos dispoñibles.

Ao rematar, os/as usuarios/as da biblioteca hixienizarán os postos que teñan ocupado.

O préstamo de libros ou outro material realizarase de xeito habitual.

Aplícanse na biblioteca as restantes normas de uso e funcionamento das aulas ordinarias.

MEDIDAS ESPECIFICAS PARA OS DESCANSOS

- Cara a evitar aglomeracións de alumnado, os descansos de 20 minutos marcados nos horarios realizaranse, como norma xeral, despois das sesións de duración múltiple nos casos que coincidan no medio das mesmas. Cara a ter mais tempo de ventilación dos espazos entre os cambios de grupos de alumnado nas aulas que tentárase que se produzan neses momentos. No caso de clases de máis de dúas horas de duración, o profesorado poderá determinar outros descansos, sempre que non coincidan cos recreos comúns para evitar as aglomeracións.

- Na saída e entrada dos descansos cumprírase co establecido para o proceso de cambio de aula.

MEDIDAS ESPECIFICAS PARA OS TALLERES E AULAS ESPECIAIS

- Ao inicio da actividade o alumnado deberá ser informado sobre as medidas e recomendacións a seguir e, no seu caso, dotarase a estes espazos de carteis informativos.

- Nas Aulas e Talleres, cando non sexa posible manter a distancia de seguridade de 1,2 m, sexa porque se realice unha actividade que implique o desplazamento contínuo do alumnado e profesorado polo espazo, ou por calquera outra cuestión, recoméndase o uso da pantalla individual en todo momento. O alumnado será o responsable de dispor dese material de protección individual.

- Extremaranse os protocolos de limpeza por tratarse de aulas de uso máis compartido. Nestas aulas tamén é obrigatoria a hixiene de mans nas entradas e saídas das mesmas. O material que sexa compartido, de acordo coa metodoloxía propia de cada materia debe de ser desinfectado ao inicio da actividade e unha vez terminada a clase. Implicárase ao alumnado na concienciación social que ten a limpeza dos elementos comúns de uso privativo.

- O docente ao cargo da Aula/Taller fará unha explicación dos detalles de utilización do equipamento, así como un recordatorio continuo dos protocolos de prevención e hixiene necesarios. Detallando o procedemento de uso e hixiene dos elementos e ferramentas que poidan ser utilizadas por varios/as alumnos/as e establecerase un protocolo para realizalo durante todo o curso.

- Colaborarase co persoal de limpeza do centro nas labores de limpeza e hixiene en todo momento cara ao ben común. Terase especial coidado en desinfectar as cadeiras e mesas de traballo. Limpiarase o mobiliario e outros elementos susceptibles de manipulación, sobre todo naqueles utilizados por máis dun usuario quen realizará ao finalizar o uso individual a limpeza dos elementos utilizados.

NORMAS ESPECÍFICAS PARA ALUMNADO DE NEE

O equipo COVID, en colaboración co departamento de orientación establecerá as medidas concretas en relación coa diferente tipoloxía de alumnado con NEE.

Particularízanse as tarefas e medidas que o persoal docente e coidador debe de extremar en relación co alumnado. As medidas serán obxecto de seguimento continuo para a súa adaptación a cada circunstancia.

PREVISIÓNS ESPECÍFICAS PARA O PROFESORADO

Corresponde ao profesorado manter unha conduta exemplarizante no cumprimento das medidas de protección, ademais, de acordo coas capacidades do grupo, aproveitarase calquera contido para inculcar no alumnado a concienciación sobre o carácter social da pandemia e o beneficio común do cumprimento das normas.

O profesorado deberá dispor dunha dotación de material de hixiene composto por panos desbotables, solución desinfectante e xel hidroalcohólico para o seu uso individual, que usará en cada cambio de aula e na limpeza da súa mesa e cadeira, así como do material do profesorado de uso non individual que teña utilizado en cada unha das aulas. O material de limpeza e desinfección será subministrado polo centro educativo.

En cada cambio de grupo o profesorado responsabilizarase da hixiene das súas mans e do material de uso docente, do cumprimento das medidas de ventilación e de lembrar as medidas hixiénicas e de seguridade ao alumnado

Todas as reunións do profesorado realizaranse cumprindo as normas de protección e o aforo dos locais, cando non sexa posible deste xeito usaranse medios telemáticos.

O equipo directivo determinará o aforo máximo de salas de profesores e departamentos que permita cumprir a distancia de seguridade, con carácter xeral, de 1,5 metros, marcando os espazos susceptibles de utilización e lembrando a necesidade de hixienizar o lugar que se ocupe en cada cambio de profesor/a e dos elementos de uso común como teclados, pantallas ou máquinas expendedoras.

Na realización de reunións de titorías utilizarase, sempre que sexa posible, o recurso á reunión non presencial mediante vídeo chamada ou teléfono. Se non fose posible e a reunión tivera que ser presencial, adaptaranse espazos exclusivos para este tipo de reunións onde se garantirá mediante obstáculos físicos a distancia de seguridade e o emprego de máscara xunto coa dispoñibilidade de produtos de limpeza de mans.

NORMAS EN MATERIA DE REUNIÓNS DE ÓRGANOS COLEXIADOS.

De conformidade co disposto no artigo 17 de la Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público os órganos colexiados poderanse constituír, convocar, celebrar a súas sesións, adoptar acordos e remitir actas a distancia, agás nos supostos nos que o seu regulamento interno recolla expresa e excepcionalmente o contrario e que, de ser este o caso, poderá revisarse e realizar as modificacións e adaptacións oportunas.

Nas sesións que se celebren a distancia deben garantirse a identidade dos membros que participen, o contido das súas manifestacións e o sentido do seu voto. A estes efectos considérase validamente emitido o voto formalizado na propia sesión da videoconferencia ou o emitido por correo electrónico.

As convocatorias serán remitidas aos membros do órgano colexiado a través de medios electrónicos, facendo constar na mesma a orde do día, a documentación da mesma e un documento no que se poida formalizar para cada un dos puntos por separado o senso das votacións.

MEDIDAS DE CARÁCTER FORMATIVO E PEDAGÓXICO

O centro publicará toda a información das medidas de prevención que realicen a Consellería de Sanidade e a de Educación mediante a páxina web e redes sociais, así como a través do correo electrónico.

En colaboración co centro de saúde de referencia, de ser posible, organizaranse posibles charlas do persoal sanitario sobre a prevención e protección. Establecendo a información que será de uso obrigado na web do centro.

No mes de setembro, os/as titores/as identificarán ao alumnado que, por mor da falta de recursos ou de conexión no seu fogar, puidera perder o acceso á educación telemática no caso de ensino a distancia, e o notificarán ao equipo directivo. O equipo directivo realizará unha listaxe deste alumnado e as súas necesidades no caso dun eventual paso ao ensino a distancia.

O profesorado terá a posibilidade de formarse no uso e manexo da aula virtual mediante os cursos ofertados polo CAFI ao comenzo do curso. Ofertarase para todo o profesorado:

- Un curso de Introducción ao ensino mixto que estará dispoñible en formato aberto en Plataga.
- Un curso tutorizado de ensino mixto con contidos específicos para o profesorado de educación infantil, primaria, secundaria, FP, ensinanzas de réxime especial, adultos e educación especial.
- Unha formación en centros prioritaria centrada nas seguintes liñas:
 - o Integración didáctica das TIC.
 - o Deseño e desenvolvemento curricular no marco dun modelo competencial.

AULAS VIRTUAIS E ENSINO A DISTANCIA

A aula virtual, os cursos, e os usuarios (profesorado e alumnado) terán que estar plenamente operativos e funcionando ao finalizar o mes de setembro. É recomendable que os/as alumnos/as estean familiarizados coa contorna dos cursos e coa metodoloxía de traballo na aula virtual. Crearase tamén un usuario na aula virtual para o/a inspector/a do centro con permiso de acceso a todos os cursos virtuais e facilitaráselle a dito/a inspector/a o seu usuario e clave.

As aulas virtuais dos módulos disciplinas serán a vía principal utilizada para a realización, de ser necesario, o ensino telemático. Cando exista alumnado en aillamento por COVID-19 o profesorado terá que atender a docencia do alumnado presente na aula, así como o seguimento e atención do alumnado en formación telemática (habilitando ferramentas como un foro na aula virtual, videoconferencia, etc). A participación neste foro, videoconferencia, etc, durante as horas de clase é obrigatoria para o alumnado. Computando como falta de asistencia a non participación na formación telemática.

O profesorado encargado de coordinar a implantación das aulas virtuais será o do departamento TIC, así mesmo serán os encargados da comunicación coas persoas asesoras de Abalar ou Edixgal e coa UAC.

O persoal docente designado no departamento TIC colaborará cos compañeiros/as que teñan maior dificultade na implantación das aulas e divulgará as accións de formación que estean dispoñibles para o conxunto do persoal docente e dos contidos existentes.

NORMAS ESPECÍFICAS RELATIVAS A METODOLOXÍAS NA AULA E PROGRAMACIÓNS

As programacións didácticas incluirán a metodoloxía de traballo que se seguirá no caso de ensino a distancia.

Incluirase na programación o modo de proveer o dereito á educación ao alumnado que non poida seguir a ensinanza telemática. Tamén se incluirán os mecanismos que o profesorado adoptará para asegurar o seguimento continuo do curso polo alumnado.